



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A REDE GALEGA CONTRA A POBREZA (EAPN-GALICIA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á COORDINACIÓN, OPTIMIZACIÓN DOS RECURSOS E SINERXIAS DE ACTUACIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES QUE TEÑEN COMO FINALIDADE A LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia) o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2018.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto a realización por parte da coa Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia) de actuacións encamiñadas á á coordinación, optimización dos recursos e sinerxías de actuacións das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





A instrumentación desta axuda por medio dun convenio de colaboración singular, reside na circunstancia de que EAPN-Galicia é o único organismo existente nesta comunidade autónoma que agrupa a entidades sociais que traballan con practicamente con todas as persoas desfavorecidas e, especialmente, coas persoas que se encontran en situación ou risco de exclusión social, de acordo co establecido no artigo 3.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Neste senso, hai que ter en conta que esta entidade non pode participar nas convocatorias de subvencións de inclusión social, dado que non presta servizos directos ás persoas, senón que apoia ás entidades representantes das persoas vulnerables que conectan os seus esforzos para conseguir sinerxias e crear unha plataforma que canalice e dea voz ás demandas do sector. De acordo co cal, a Consellería de Política Social considera que a colaboración no mantemento destes servizos cumpre, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido pola Lei de Subvencións de Galicia e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de desenvolvemento da anterior.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do Sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 23 de marzo de 2018.

